



## CONCURSO CARTAZ ANUNCIADOR DO XI

### ANIVERSARIO DA BANDA DA ESCOLA DE MÚSICA DE RIANXO.

A Escola de Música de Rianxo organiza o I concurso de carteis para anunciar o XI aniversario da Banda da Escola de Música de Rianxo, que se celebrará o día 3 de Maio.

#### BASES

- 1) Poderán tomar parte do concurso **nenos/as menores de 12 anos**, que pertenzan ós colexios do Concello de Rianxo.
- 2) Cada participante só poderá presentar un traballo.
- 3) Todos os traballos deberán versar sobre a música, contar cunha clara finalidade divulgadora e ser orixinais.
- 4) Os carteis serán presentados en **cartolina** cun tamaño **máximo de A3** e non se admiten deseños dixitais.
- 5) Os traballos presentaranse cun lema e idade, que deberá figurar no dorso da obra sen ningún outro dato. Grampado ao traballo entregaranse un sobre pechado. No seu exterior figurará únicamente o lema e o seguinte texto: *I concurso cartaz anunciador do XI aniversario da Banda de Música de Rianxo*. No interior deste sobre incluirase a ficha de inscrición debidamente cuberta (Anexo I)
- 6) O lugar de presentación dos traballos será no propio colexio ate o **venres 11 de abril**. As bases do concurso estarán publicadas nos colexios do Concello de Rianxo así como na páxina web do Concello de Rianxo (<http://www.concelloderianxo.es/>) ou no Facebook da Escola de Música de Rianxo (<https://www.facebook.com/ESCOLADEMUSICADERIANXO>). Máis información no 671058555 ou na seguinte dirección de correo electrónico: [escolademusicaderianxo@gmail.com](mailto:escolademusicaderianxo@gmail.com).
- 7) Os traballos admitidos serán expostos no auditorio o día 3 de maio durante o concerto da banda.
- 8) O xurado estará composto pola Concelleira de Cultura do Concello de Rianxo ou persoa na que delegue, o Presidente, a secretaria e un/unha vocal da xunta directiva da Escola de Música de Rianxo. En caso de empate nas votacións o presidente terá voto preferente.
- 9) Outorgaranse os seguintes **premios**:

- 1º PREMIO: diploma acreditativo, lote de libros con CD, unha matrícula dun curso na Escola de Música de Rianxo (valorado en 200 euros) Asemade, será o cartaz oficial do XI Aniversario da BEMR
  - 2º PREMIO: Diploma acreditativo, lote de libros con CD e unha matrícula de medio curso na Escola de Música de Rianxo (valorado en 100 euros).
  - 3º PREMIO: Diploma acreditativo, libro con CD e matrícula de 3 meses na Escola de Música de Rianxo (valorado en 60 euros).
- 10) Comunicaranse os premios por teléfono nun máximo de 15 días despois da data límite de entrega dos traballos. A **entrega dos premios** terá lugar o día 3 de maio durante o concerto da banda no auditorio de Rianxo. A asistencia dos gañadores é obligatoria (a non asistencia implica a renuncia ao premio) .
- 11) O cartaz que obteña o primeiro premio quedará en propiedade da Escola de Música de Rianxo, quen fará con el o uso que estime conveniente, reservándose o dereito a reproducilo no formato que mellor entenda, no tamaño que estime máis adecuado, etc... O autor poderá usalo tamén, sempre e cando indique no propio cartaz que foi premiado no presente certame e faga entrega á Escola de Música dun exemplar da súa reproducción (ou da referencia informática) do uso mencionado.
- 12) Os carteis non premiados poderán ser retirados, previo aviso, no número 671058555 ou no correo electrónico [escolademusicaderianxo@gmail.com](mailto:escolademusicaderianxo@gmail.com), no auditorio de Rianxo en horario de mañá. O tempo para a recollida non excederá de dous meses a partir da data de exposición (3 de maio).
- 13) A Escola de Música de Rianxo non será responsable por causa algúnh da perda, deterioro, extravío, etc. das obras presentadas a concurso durante o seu prazo de duración, non cubríndose poliza de seguro que cubra os devanditos riscos.
- 14) Será responsabilidade dos participantes calquera reclamación que poida producirse en relación coa autoría do cartaz e o seu posible plaxio.
- 15) O fallo do xurado, terá carácter inapelable.
- 16) Correspóndelle ao xurado a interpretación e resolucións de dúbidas con respecto ás presentes bases
- 17) A presentación de traballos neste concurso implica a **total aceptación das bases**.

En Rianxo a 17 de marzo do 2014.

A xunta directiva da:

